

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 01 de outubro de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación das actas correspondentes á sesión ordinaria do 27 de xullo de 2021 e á sesión extraordinaria do 16 de setembro de 2021.
- * Aprobación da proposta de prezos máximos por docencia e coordinación nos títulos propios de especialización académica.
- * Aprobación do acordo sobre mobilidade do Profesorado Contratado Doutor interino e Funcionario interino dos Corpos Docentes.
- * Aprobación da solicitude de excedencia temporal de Ángel Aday Jiménez Alemán nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.
- * Aprobación do Regulamento de Réxime Interno do Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín (CUD-ENM).
- * Aprobación da prórroga do protocolo para o desenvolvemento do programa soporte á xestión económica de grupos de investigación para o ano 2022.
- * Aprobación do regulamento de réxime interno do centro en Tecnoloxía, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX).
- * Aprobación do convenio de creación, así como do regulamento de réxime interno do centro Economics and Business Administration for Society (ECOBAS).
- * Aprobación da creación do centro de Investigación sobre Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), así como dos seus correspondentes convenio, plan estratéxico e regulamento de réxime interno.
- * Aprobación da modificación do Regulamento do investigador/a visitante.
- * Aprobación dos acordos do comité asesor COVID-19.
- * Nomeamento dunha vogal da Comisión de Permanencia e Progreso, no sector Decanos/Directores: Consuelo Currás Valle.
- * Nomeamento dunha vogal da Comisión de Publicacións, no sector estudantes: Claudia de la Iglesia Sanjuán.

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.